



**Confederación Hidrográfica do Miño-Sil**  
**Comisaría de Augas**  
**Ourense**

Anuncio

Expediente: A/32/16995

De acordo co previsto no artigo 116 do Regulamento de dominio público hidráulico, aprobado polo Real decreto 849/1986, do 11 de abril (BOE do día 30), publícase para xeral coñecemento que, por resolución da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, con data 7 de maio de 2013, e como resultado do expediente incoado para o efecto, lle foi outorgada a Manuel Meleiro Álvarez a oportuna concesión para o aproveitamento de 0,01 l/s de auga procedente dun pozo en Cerdeira-Formarigo, no termo municipal de Padrenda (Ourense), con destino a abastecemento de poboación e rega.

O xefe do servizo. Asdo.: José Alonso Seijas.

**Confederación Hidrográfica del Miño-Sil**  
**Comisaría de Aguas**  
**Ourense**

Anuncio

Expediente: A/32/16995

De acuerdo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico, aprobado por el Real Decreto 849/1986, de 11 de abril (BOE del día 30), se publica para general conocimiento que, por resolución de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, de fecha 7 de mayo de 2013, y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada a Manuel Meleiro Álvarez la oportuna concesión para el aprovechamiento de 0,01 l/s de agua procedente de un pozo en Cerdeira-Formarigo, en el término municipal de Padrenda (Ourense), con destino a abastecimiento de población y riego.

El jefe del servicio. Fdo.: José Alonso Seijas.

R. 1.966

**Confederación Hidrográfica do Miño-Sil**  
**Comisaría de Augas**  
**Ourense**

Anuncio

Expediente: A/32/16323

De acordo co previsto no artigo 116 do Regulamento de dominio público hidráulico, aprobado polo Real decreto 849/1986, do 11 de abril (BOE do día 30), publícase para xeral coñecemento que, por resolución da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, con data 30 de abril de 2013, e como resultado do expediente incoado para o efecto, lle foi outorgada a Manuel Rial Mato a oportuna concesión para o aproveitamento de 0,0038 l/s de auga procedente dun manancial denominado A Galga, no termo municipal de Manzaneda (Ourense), con destino a uso doméstico.

O xefe do servizo. Asdo.: José Alonso Seijas.

**Confederación Hidrográfica del Miño-Sil**  
**Comisaría de Aguas**  
**Ourense**

Anuncio

Expediente: A/32/16323

De acuerdo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico, aprobado por el Real Decreto

849/1986, de 11 de abril (BOE del día 30), se publica para general conocimiento que, por resolución de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, de fecha 30 de abril de 2013, y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada a Manuel Rial Mato la oportuna concesión para el aprovechamiento de 0,0038 l/s de agua procedente de un manancial, denominado A Galga, en el término municipal de Manzaneda (Ourense), con destino a uso doméstico.

El jefe del servicio. Fdo.: José Alonso Seijas.

R. 1.885

**IV. ENTIDADES LOCAIS**  
**IV. ENTIDADES LOCALES**

**O Barco de Valdeorras**

Unha vez elevado a definitivo, por non se presentaren reclamacións ao acordo plenario do 4 de abril de 2013, de aprobación inicial da modificación do Regulamento municipal do servizo público de ordenación e regulación do aparcadoiro de vehículos na vía pública (aprobado definitivamente polo Pleno do Concello na sesión do 2 de decembro de 2012 e publicado no BOP núm. 297, do 28 de decembro de 2004), de acordo co disposto no artigo 49 e 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, procédese á publicación do texto íntegro:

Anexo: Regulamento do servizo público de ordenación e regulación de aparcadoiro de vehículos na vía pública (ORA)

Exposición de motivos:

A escaseza de solo dispoñible con destino a aparcadoiro, e o aumento do parque automobilístico da vila do Barco de Valdeorras nos últimos anos, determinaron o establecemento dun servizo público municipal de estacionamento de vehículos na vía pública, co fin de conseguir a satisfacción do interese público mediante unha distribución racional e equitativa dos estacionamentos entre todos os usuarios e para proporcionar aos cidadáns un maior benestar e unha mellor calidade de vida.

Como presuposto indispensable para a prestación do servizo procedeuse á aprobación do regulamento regulador deste (BOP n.º 297, do 28 de decembro de 2004).

O citado regulamento foi obxecto de diversas modificacións (BOP n.º 161, do 15 de xullo de 2005, BOP n.º 170, do 26 de xullo de 2006, BOP n.º 231, do 6 de outubro de 2010, BOP n.º 154, do 11 de xullo de 2011 e BOP n.º 63, de 16 de marzo de 2012) coa finalidade de ilo adaptando ás novas necesidades xurdidas ao longo da vida do servizo.

Por iso, e tendo en conta a conveniencia de incluír nun único texto todas as modificacións para maior claridade e seguridade xurídica dos cidadáns, de conformidade co disposto nos artigos 4.1 a) e 25.2 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, así como en virtude das facultades que confire aos concellos o artigo 38.4 en relación co 7, 39.2, 53, 65, 70 e 71 do Real decreto lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, polo que se aproba o texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria (modificado por Lei 19/2001, do 19 de decembro), e os artigos. 90.2 "in fine", 93, 154 e 171 do Regulamento xeral de circulación aprobado por Real decreto 1428/2003, do 21 de novembro, dítase o presente texto refundido regulamento, cuxo contido é o seguinte:

Artigo 1º.

Establécese no municipio do Barco de Valdeorras, con incidencia e aplicación unicamente na súa capitalidade, o servizo de estacionamento regulado de vehículos na vía pública (ORA),

cuxa ordenación e regulación de aparcadoiros se regula a través do presente regulamento.

O establecemento do devandito servizo ten por obxecto ordenar e mellorar os estacionamentos de vehículos que, como consecuencia do desenvolvemento e incidencia do tráfico rodado, se produzan nas vías públicas que se indican, nas cales se establecen medidas coa finalidade de que o devandito obxectivo se cumpra.

#### Artigo 2º.

Esta regulación implica a limitación do tempo de estacionamento na vía pública, con localización das zonas e o seu ámbito territorial de aplicación.

#### Artigo 3º.

A zona do municipio que regula este servizo público denomínase zona ORA (operación reguladora de aparcadoiro), e comprende as seguintes vías urbanas:

Conde Fenosa

Marcelino Suárez

Manuel Quiroga ( ata rúa Cantón )

Eulogio Fernández

Abdom Blanco

Estación

Eloy R. Barrios (dende rúa España ata rúa Estación)

España

Balorca

Praza do Príncipe

Academia Dequit

José Otero

Malecón (zona casino)

Pérez Lista

Pescadores

Álvaro Cunqueiro

Rúa As Airas, praza As Airas e ou seu contorno, rúa San Roque e rúa Real, exclusivamente para residentes.

Todas estas vías públicas poderán ser reguladas en zona única ou en distintas zonas e subzonas en función do mellor aproveitamento destas.

Exclúense os espazos reservados para vaos, carga e descarga ás horas sinaladas, mercados ao aire libre durante a celebración destes, estacionamentos de diminuídos físicos, reservas oficiais, paradas de bus e taxi, servizos de urxencia, rúas peonís ou tramos de rúa onde estea prohibido o estacionamento.

Poderán destinarse determinadas rúas ao uso exclusivo de residentes.

#### Artigo 4º.

O servizo público ORA prestarase conforme ao seguinte horario: De luns a venres de 10.00 a 14.00 e de 16.30 a 20.30 horas.

Sábados, de 10.00 a 14.00 horas.

Domingos e festivos: libre.

Facúltase á Alcaldía para modificar, ampliar ou reducir o devandito período de xeito transitorio e por razóns de interese público debidamente xustificadas.

#### Artigo 5º.

O tempo máximo que un vehículo pode permanecer estacionado en zona ORA na mesma vía durante o horario de actividade do servizo público é de 125 minutos se se utiliza ticket ou parquímetro particular autorizado.

Quedan excluídos:

a) Os vehículos de residentes que poden estacionar sen límite máximo de tempo nas súas zonas ORA respectivas, de conformidade co previsto nesta ordenanza.

b) As motocicletas, ciclos, ciclomotores e bicicletas.

c) Os vehículos estacionados en zonas reservadas para a súa categoría ou actividade.

d) Os vehículos nos que se estean a realizar operacións de carga e descarga, na zona sinalizada para tal fin, e dentro do horario marcado, ou ben, fóra da devandita zona, sempre que a operación teña unha duración inferior a cinco minutos.

e) Os vehículos autotaxis cando o condutor estea presente.

f) Os vehículos en servizo oficial, debidamente identificados, propiedade de organismos do Estado, comunidade autónoma, provincia ou municipio, que estean destinados directa e exclusivamente á prestación dos servizos públicos da súa competencia, cando estean a realizar tales servizos, así como os de compañías que presten servizos públicos necesarios polo tempo indispensable para realizar o seu labor.

g) Os vehículos destinados á asistencia sanitaria que pertencen á Seguridade Social ou Cruz Vermella Española e as ambulancias, mentres estean a prestar servizo, ou profesionais debidamente acreditados.

h) Os vehículos automóbiles en cuxo interior permaneza o condutor ou pasaxeiro maior de idade, sempre que o tempo de estacionamento sexa inferior a cinco minutos.

i) Os vehículos de servizos funerarios, cando estean a prestar servizos.

j) Os vehículos vinculados a unha tarxeta de estacionamento para diminuídos físicos (nos termos previstos na correspondente ordenanza), nas prazas reservadas a estes.

#### Artigo 6º.

As vías públicas que constitúen a zona de aplicación deste servizo público, serán obxecto da debida sinalización horizontal ou vertical, segundo se determina no Regulamento xeral de circulación (Real decreto 1428/2003, do 21 de novembro).

#### Artigo 7º.

1.- Co obxecto de garantir o cumprimento deste regulamento, o servizo de estacionamento regulado de vehículos na vía pública estará dotado dos medios materiais e persoais necesarios, así como dos medios do control que aseguren a eficacia e efectividade do servizo. O citado servizo poderán xestionarse de xeito directo ou indirecto, sendo unha das formas posibles de xestión indirecta a da concesión.

2.- O concello polos seus propios medios ou a través dos que lle preste, se é o caso, o concesionario do servizo, expedirá os documentos que acrediten a autorización dos diferentes estacionamentos que se produzan dentro do horario establecido nas rúas obxecto da prestación do servizo e que poderán ser os seguintes:

a) Ticket horario de aparcadoiro, obtido en máquinas expendedoras instaladas na vía pública, coa introdución de moedas, e indicará o día, o mes e a hora e os minutos máximos autorizados de estacionamento e a cantidade pagada.

b) Tarxeta de vehículos con distintivo de residentes, neste caso, a tarxeta indicará a zona ou rúas na que se ten a consideración de residente.

c) Tarxeta para vehículos de diminuídos físicos (nos termos previstos na súa correspondente ordenanza).

3.- Ademais das anteriores, en casos excepcionais e en razón do interese público da actividade desenvolvida, a Alcaldía, ou se é o caso, a Xunta de Goberno Local por delegación, poderán outorgar tarxetas especiais co horario que nestas se determine, podendo tamén ser ilimitado.

Estas tarxetas especiais terán validez polo período de tempo (non superior a un ano) e na zona ou zonas que nestas se estableza. Polos mesmos motivos que para a súa concesión, poderán ser renovadas.



O procedemento para o outorgamento destas tarxetas especiais será o seguinte:

a) Inicio do procedemento, de oficio ou por solicitude do interesado.

b) Proposta da Concellaría delegada. A proposta deberá conter expresamente:

- Os motivos excepcionais de interese público relacionados coa actividade a desenvolver e que motivan a súa concesión.

- A zona ou zonas nas que se permitirá o estacionamento.

- O horario no que se permitirá o estacionamento (poderá ser ilimitado).

- O período de tempo de validez (non superior a un ano).

Para a elaboración da proposta poderán realizarse as comprobacións que considere oportunas e solicitar os informes que se consideren pertinentes. En tal caso, incorporaranse ao expediente.

c) Ditame da Comisión de Persoal, Tráfico e Seguridade Cidadá.

d) Resolución da Alcaldía ou, se é o caso, acordo da Xunta de Goberno Local por delegación.

As tarxetas especiais poderán ser renovadas polos mesmos motivos que para a súa concesión.

#### Artigo 8º.

Establécense dúas áreas de estacionamento para residentes: a zona vella e as restantes que determine o concello dentro da zona ORA.

Os requisitos para a obtención da tarxeta de residente serán os seguintes:

##### 1.- Zona vella:

a) Estar empadroadado e ter o domicilio nalgunha das rúas que formen parte da zona vella.

##### b) Número de tarxetas:

- Para os solicitantes que non dispoñan de praza de garaxe na zona vella: ata un máximo de dúas tarxetas.

Para os solicitantes que dispoñan de máis vehículos que prazas de garaxe na Zona vella: unha tarxeta.

A dispoñibilidade de praza de garaxe poderá ser en réxime de propiedade, alugueiro ou calquera outro.

En casos excepcionais, e de existir máis prazas de residentes que tarxetas concedidas, poderán outorgarse tarxetas provisionais aos solicitantes que non cumpran os requisitos sinalados, cunha duración máxima de 6 meses, que non serán obxecto de renovación en caso de que as tarxetas excedan do número de prazas.

O horario de estacionamento para residentes no Casco Vello serán as 24 horas do día, e será exclusivo para os que acrediten tal condición coa tarxeta expedida polo concello, que levará un distintivo que acredite o seu uso exclusivo nesta zona e indicará o número de matrícula do vehículo autorizado.

##### 2.- Resto de zonas:

a) Estar empadroadado e ter o domicilio nalgunha das rúas que formen parte da zona ORA

(exceptuando a zona vella)

##### b) Número de tarxetas:

- Para os solicitantes que non dispoñan de praza de garaxe en propiedade en zona ORA: ata un máximo de dúas tarxetas.

- Para os solicitantes que dispoñan de máis vehículos que prazas de garaxe en propiedade en zona ORA: unha tarxeta.

A dispoñibilidade de praza de garaxe será en réxime de propiedade.

##### 3.- Requisitos comúns para ambas as dúas zonas:

As tarxetas concederanse para vehículos turismos, mixtos ou asimilables, cunha validez anual, sen posibilidade de redución para períodos inferiores ao ano.

Para a obtención da tarxeta deberá presentarse a correspondente solicitude no Rexistro Xeral do concello ou en calquera dos lugares que establece o artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, da correspondente solicitude. Os servizos do concello elaborarán un modelo de solicitude. Os trámites deste procedemento incluíranse na sede electrónica de modo que poidan realizarse a través de medios electrónicos.

A solicitude, debidamente cuberta, irá acompañada de:

-Fotocopia do permiso de circulación do vehículo que deberá estar domiciliado, en todo caso, no Barco de Valdeorras.

-Declaración xurada de estar ao día coa facenda municipal.

-Declaración xurada do número de prazas de garaxe de que dispón e do número de vehículos indicando a súa matrícula.

-Declaración xurada de estar empadroadado no Barco de Valdeorras.

Unha vez presentada a solicitude:

a) Os servizos municipais de estatística comprobarán que o solicitante está empadroadado no domicilio que se indica.

b) Os servizos municipais de recadación comprobarán que o solicitante se encontra ao corrente de calquera obriga de carácter económico co concello, incluíndo, en todo caso, o imposto sobre os vehículos de tracción mecánica e as sancións firmes de tránsito impostas polo concello.

c) Os servizos municipais de xestión tributaria informarán sobre a titularidade catastral das prazas de garaxe do solicitante e sobre a titularidade de vehículos, sen prexuízo da comprobación da dispoñibilidade de prazas e do número de vehículos por outros medios adicionais (policía local, etc.).

d) Unha vez estimada a solicitude, retirarase a tarxeta no departamento correspondente do concello, logo de realizar o pagamento da cantidade establecida na correspondente ordenanza fiscal reguladora da taxa ou, de ser o caso, na tarifa de prezos privados correspondente.

e) A validez da tarxeta computarase por ano natural.

f) O estacionamento do vehículo fóra da zona ORA que lle corresponde a cada tarxeta supoñerá que o suxeito deberá obter o correspondente ticket horario de aparcadoiro como calquera outro suxeito.

g) A tarxeta correspondente deberá levarse no parabrisas dianteiro e nun lugar visible.

#### Artigo 9º.

Para estacionar dentro das zonas reguladas polo presente regulamento, deberá exhibirse na parte interior do parabrisas do vehículo, de forma totalmente visible dende o exterior:

- ou ben o ticket expedido por expendedor automático instalado para o efecto na zona onde se efectúe o estacionamento, que servirá como comprobante horario.

- ou ben a correspondente tarxeta de residente, especial ou de diminuído físico.

#### Artigo 10º.

No caso de aviso de denuncia por superar o tempo de estacionamento permitido, sempre que non sexa maior a tres horas, o usuario poderá anular a tramitación da denuncia mediante a obtención nas mesmas máquinas expendedoras, dun ticket especial en función do prazo de exceso (unha, dous ou ata tres horas) no que constará a hora da súa expedición. Este ticket postpagado, xunto co primeiro e co aviso de denuncia, serán introducidos nun pequeno sobre na caixa de correo situada en cada aparato expendedor.

#### Artigo 11º.

Aqueles vehículos que reciban aviso de denuncia, por estacionar en zona O.R.A sen ticket, sempre que non transcorresen

máis de dúas horas dende a formulación do aviso de denuncia, poderán anular a tramitación da denuncia mediante a obtención nas mesmas máquinas expendedoras, dun ticket especial. Este ticket postpagado xunto co aviso de denuncia, serán introducidos nun pequeno sobre na caixa de correo situada en cada aparato expendedor

#### Artigo 11º.

Apreciaranse como infraccións a esta ordenanza, durante o horario de funcionamento do servizo, sendo consideradas como infraccións de estacionamento de vehículos en lugar prohibido:

- a) O estacionamento efectuado por espazo de tempo superior ao sinalado no ticket.
- b) O estacionamento fóra do perímetro sinalado na calzada como zona de aparcadoiro.
- c) Permanecer estacionado máis de 125 minutos consecutivos nunha mesma rúa ou praza, durante as horas de actividade do servizo.
- d) O estacionamento efectuado sen ticket válido.
- e) Utilizar unha tarxeta de autorización de estacionamento anulada ou manipulada.
- f) Utilizar un ticket horario de aparcadoiro manipulado
- g) Utilizar unha tarxeta de autorización de estacionamento en vehículo distinto ao que aparece sinalado no devandito documento.

As infraccións descritas denunciaranse polos axentes da autoridade. En caso de concesión do servizo, os vixilantes da empresa concesionaria do servizo poderán formular denuncia voluntaria que anunciarán documentalmente no parabrisas do vehículo e na que se indicarán os datos deste, así como a presunta infracción cometida

#### Artigo 12º.

A infracción por este estacionamento prohibido será sancionada pola Alcaldía con multa de:

- 30 euros polas infraccións dos apartados a), b) e c).
- 48 euros polas infraccións do apartado d).
- 90 euros e retirada da acreditación de autorización de estacionamento nas infraccións dos apartados e), f) e g)

O pagamento da multa efectuado dentro dos dez días seguintes á notificación da denuncia levará consigo unha redución do 50 por 100 do seu importe.

Sen prexuízo do exposto, denunciarase polos axentes da Policía Local as infraccións non previstas anteriormente que se cometan en zona ORA (ou en calquera outra vía de titularidade municipal), e que se recollen como tales no Regulamento xeral de circulación, na Ordenanza municipal reguladora da circulación e demais normativa en vigor en materia de tráfico e seguridade vieira.

#### Artigo 13.

Procederá polo concello á retirada e traslado ao depósito municipal dun vehículo cando permaneza estacionado en lugares habilitados para o estacionamento de residentes sen colocar o distintivo que o autoriza, cando, sen dispoñer de ticket que o habilite, permaneza máis de dúas horas no mesmo lugar ou, cando dispoñendo de ticket, supere o tempo aboado en máis de tres horas.

Ademais, e previa á retirada do vehículo, será obrigatoria a formulación da oportuna denuncia polos axentes da autoridade.

A retirada de vehículos prevista neste artigo ten o seu fundamento na necesidade de recuperar, pola autoridade municipal, a libre dispoñibilidade do espazo público indebidamente ocupado, e iso de conformidade co disposto nos artigos 70 e 71 do Real decreto lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, polo que se aproba o texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de

vehículos a motor e seguridade viaria e demais normativa vixente en materia de tráfico e seguridade viaria.

#### Disposición final.

Única.- Este regulamento entrará en vigor unha vez que este sexa aprobado definitivamente e publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local. Sen prexuízo diso, a súa aplicación efectiva non se producirá en tanto o concello, xa sexa a través de xestión directa ou indirecta, dotase os medios persoais e materiais necesarios para a súa posta en práctica.

Segunda.- No non previsto neste regulamento estarase no pertinente ao disposto na normativa sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, así como ás correspondentes ordenanzas municipais.

Terceira.- As normas contidas neste regulamento continuarán en vigor ata a súa modificación, actualización, acomodación, ou derogación expresa.

Cuarta.- Autorízase á Alcaldía a ditar cantas instrucións sexan precisas para a correcta aplicación do presente regulamento.

O Barco de Valdeorras, 21 de maio de 2013. O alcalde.

Asdo.: Alfredo L. García Rodríguez.

*Se ha elevado a definitivo, por no presentarse reclamaciones al acuerdo plenario de 4 de abril de 2013, de aprobación inicial de la modificación del Reglamento Municipal del Servicio Público de Ordenación y Regulación del Aparcamiento de Vehículos en la Vía Pública (aprobado definitivamente por el Pleno del Ayuntamiento en la sesión de 2 de diciembre de 2012 y publicado en el BOP núm. 297, de 28 de diciembre de 2004), de acuerdo con lo dispuesto en el artículo 49 y 72 de la Ley 7/1985, de 2 Reguladora de las Bases de Régimen Local, se procede a la publicación del texto íntegro:*

*Anexo: Reglamento del Servicio Público de Ordenación y Regulación de Aparcamiento de Vehículos en la Vía Pública ORA.*

#### Exposición de motivos

*La escasez de suelo disponible con destino a aparcamiento y el aumento del parque automovilístico de la villa de O Barco de Valdeorras en los últimos años, determinaron el establecimiento de un servicio público municipal de estacionamiento de vehículos en la vía pública, con el fin de conseguir la satisfacción del interés público mediante una distribución racional y equitativa de los estacionamientos entre todos los usuarios y para proporcionar a los ciudadanos un mayor bienestar y una mejor calidad de vida.*

*Como presupuesto indispensable para la prestación del servicio se procedió a la aprobación del reglamento regulador de este (BOP n.º 297, de 28 de diciembre de 2004).*

*El citado reglamento fue objeto de diversas modificaciones (BOP n.º 161, de 15 de julio de 2005, BOP n.º 170, de 26 de julio de 2006, BOP n.º 231, de 6 de octubre de 2010, BOP n.º 154, de 11 de julio de 2011 y BOP n.º 63, de 16 de marzo de 2012) con la finalidad de ir adaptándolo a las nuevas necesidades surgidas a lo largo de la vida del servicio.*

*Por eso, y teniendo en cuenta la conveniencia de incluir en un único texto todas las modificaciones para mayor claridad y seguridad jurídica de los ciudadanos, de conformidad con lo dispuesto en los artículos 4.1. a) y 25.2 b) de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases de Régimen Local, así como en virtud de las facultades que confiere a los ayuntamientos el artículo 38.4 en relación con el 7, 39.2, 53, 65, 70 y 71 del Real Decreto Legislativo 339/1990, de 2 de marzo, por el que se aprueba el Texto Articulado de la Ley sobre Tráfico,*



Circulación de Vehículos a Motor y Seguridad Vial (modificado por Ley 19/2001, de 19 de diciembre), y los artículos. 90.2 "in fine", 93, 154 y 171 del Reglamento General de Circulación aprobado por Real Decreto 1428/2003, de 21 de noviembre, se dicta el presente texto refundido reglamento, cuyo contenido es el siguiente:

**Artículo 1º.**

Se establece en el municipio de O Barco de Valdeorras, con incidencia y aplicación únicamente en su capitalidad, el servicio de estacionamiento regulado de vehículos en la vía pública (ORA), cuya ordenación y regulación de aparcamientos se regula a través del presente reglamento.

El establecimiento de dicho servicio tiene por objeto ordenar y mejorar los estacionamientos de vehículos que, como consecuencia del desarrollo e incidencia del tráfico rodado, se produzcan en las vías públicas que se indican, en las cuales se establecen medidas con la finalidad de que dicho objetivo se haga falta.

**Artículo 2º.**

Esta regulación implica la limitación del tiempo de estacionamiento en la vía pública, con localización de las zonas y su ámbito territorial de aplicación.

**Artículo 3º.**

La zona del municipio que regula este servicio público se denomina zona ORA (operación reguladora de aparcamiento), y comprende las siguientes vías urbanas:

Conde Fenosa

Marcelino Suárez

Manuel Quiroga (hasta calle Cantón)

Eulogio Fernández

Abdón Blanco

Estación

Eloy R. Barrios (desde calle España hasta calle Estación)

España

Balorca

Plaza del Príncipe

Academia Dequit

José Otero

Malecón (zona casino)

Pérez Lista

Pescadores

Álvaro Cunqueiro

Calle As Airas, plaza As Airas y su entorno, calle San Roque y calle Real, exclusivamente para residentes.

Todas estas vías públicas podrán ser reguladas en zona única o en distintas zonas y subzonas en función del mejor aprovechamiento de las mismas.

Se excluyen los espacios reservados para vados, carga y descarga a las horas señaladas, mercados al aire libre durante la celebración de éstos, estacionamientos de minusválidos, reservas oficiales, paradas de bus y taxi, servicios de urgencia, calles peatonales o tramos de calle donde esté prohibido el estacionamiento.

Podrán destinarse determinadas calles al uso exclusivo de residentes.

**Artículo 4º.-**

El servicio público ORA se prestará conforme al siguiente horario:

De lunes a viernes de 10:00 a 14:00 y de 16:30 a 20:30 horas.

Sábados, de 10:00 la 14:00 horas.

Domingos y festivos: libre.

Se faculta a la Alcaldía para modificar, ampliar o reducir dicho período de manera transitoria y por razones de interés público debidamente justificadas.

**Artículo 5º.**

El tiempo máximo que un vehículo puede permanecer estacionado en zona ORA en la misma vía durante el horario de actividad del servicio público es de 125 minutos si se utiliza ticket o parquímetro particular autorizado.

Quedan excluidos:

a) Los vehículos de residentes que pueden estacionar sin límite máximo de tiempo en sus zonas ORA respectivas de conformidad con lo previsto en esta ordenanza.

b) Las motocicletas, ciclos, ciclomotores y bicicletas.

c) Los vehículos estacionados en zonas reservadas para su categoría o actividad.

d) Los vehículos en los que se estén realizando operaciones de carga y descarga, en la zona señalizada a tal fin, y dentro del horario marcado, o bien, fuera de dicha zona, siempre que la operación tenga una duración inferior a cinco minutos.

e) Los vehículos autotaxis cuando el conductor esté presente.

f) Los vehículos en servicio oficial, debidamente identificados, propiedad de organismos del Estado, comunidad autónoma, provincia o municipio que estén destinados directa y exclusivamente a la prestación de los servicios públicos de su competencia, cuando estén realizando tales servicios así como los de compañías prestadoras de servicios públicos necesarios por el tiempo indispensable para realizar su cometido.

g) Los vehículos destinados a la asistencia sanitaria que pertenezcan a la Seguridad Social o Cruz Roja Española y las ambulancias, mientras estén prestando servicio, o profesionales debidamente acreditados.

h) Los vehículos automóviles en cuyo interior permanezca el conductor o pasajero mayor de edad, siempre que el tiempo de estacionamiento sea inferior a cinco minutos.

i) Los vehículos de servicios funerarios, cuando estén prestando servicios.

k) Los vehículos vinculados a una tarjeta de estacionamiento para minusválidos (en los términos previstos en la correspondiente ordenanza), en las plazas reservadas a minusválidos.

**Artículo 6º.**

Las vías públicas que constituyen la zona de aplicación de este servicio público, serán objeto de la debida señalización horizontal o vertical, según se determina en el Reglamento General de Circulación (Real Decreto 1428/2003, de 21 de noviembre).

**Artículo 7º.**

1.- Con objeto de garantizar el cumplimiento del presente reglamento, el servicio de

estacionamiento regulado de vehículos en la vía pública estará dotado de los medios materiales y personales necesarios, así como de los medios de control que aseguren la eficacia y efectividad del servicio. El citado servicio podrá gestionarse de manera directa o indirecta, siendo una de las formas posibles de gestión indirecta la de la concesión.

2.- El ayuntamiento, por sus propios medios o través de los que le preste, en su caso, el concesionario del servicio, expedirá los documentos que acrediten la autorización de los diferentes estacionamientos que se produzcan dentro del horario establecido en las calles objeto de la prestación del servicio y que podrán ser los siguientes:

a) Ticket horario de aparcamiento, obtenido en máquinas expendedoras instaladas en la vía pública, con la introducción de monedas, e indicará el día, el mes y la hora y los minutos máximos autorizados de estacionamiento y la cantidad pagada.

b) Tarjeta de vehículos con distintivo de residentes, en este caso, la tarjeta indicará la zona o calles en la que se tiene la consideración de residente.

c) Tarjeta para vehículos de minusválidos (en los términos previstos en su correspondiente ordenanza).

3.- Además de las anteriores, en casos excepcionales y en razón del interés público de la actividad desarrollada, la Alcaldía, o en su caso, la Junta de Gobierno Local por delegación, podrá otorgar tarjetas especiales con el horario que en éstas se determine, pudiendo ser ilimitado.

Estas tarjetas especiales tendrán validez por el período de tiempo (no superior a un año) y en la zona o zonas que en estas se establezca. Por los mismos motivos que para su concesión, podrán ser renovadas.

El procedimiento para el otorgamiento de estas tarjetas especiales será el siguiente:

a) Inicio del procedimiento, de oficio o a solicitud del interesado.

b) Propuesta de la concejalía delegada. La propuesta deberá contener expresamente:

- Los motivos excepcionales de interés público relacionados con la actividad a desarrollar y que motivan su concesión.

- La zona o zonas en las que se permitirá el estacionamiento.

- El horario en el que se permitirá el estacionamiento (podrá ser ilimitado)

- El período de tiempo de validez (no superior a un año).

Para la elaboración de la propuesta podrán realizarse las comprobaciones que considere oportunas y solicitar los informes que se consideren pertinentes. En tal caso, se incorporarán al expediente.

c) Dictamen de la Comisión de Personal, Tráfico y Seguridad Ciudadana.

d) Resolución de la Alcaldía o, en su caso, acuerdo de la Junta Local de Gobierno Local por delegación.

Las tarjetas especiales podrán ser renovadas por los mismos motivos que para su concesión.

Artículo 8º.

Se establecen dos áreas de estacionamiento para residentes: el casco viejo y las restantes que determine el ayuntamiento dentro de la zona ORA.

Los requisitos para la obtención de la tarjeta de residente serán los siguientes:

1.- Casco viejo:

a) Estar empadronado y tener el domicilio en alguna de las calles que formen parte del Casco Viejo.

b) Número de tarjetas:

- Para los solicitantes que no dispongan de plaza de garaje en el casco viejo: hasta un máximo de dos tarjetas.

- Para los solicitantes que dispongan de más vehículos que plazas de garaje en el casco viejo: una tarjeta.

La disponibilidad de plaza de garaje podrá ser en régimen de propiedad, alquiler o cualquier otro.

En casos excepcionales, y de existir más plazas de residentes que tarjetas concedidas, podrán otorgarse tarjetas provisionales a los solicitantes que no cumplan los requisitos señalados, con una duración máxima de 6 meses, que no serán objeto de renovación en caso de que las tarjetas excedan del número de plazas.

El horario de estacionamiento para residentes en el casco viejo serán las 24 horas del día, y será exclusivo para los que acrediten tal condición con la tarjeta expedida por el Ayuntamiento, que llevará un distintivo que acredite su uso exclusivo en esta zona e indicará el número de matrícula del vehículo autorizado.

2.- Resto de zonas:

a) Estar empadronado y tener el domicilio en alguna de las calles que formen parte de la zona ORA (exceptuando el casco viejo).

b) Número de tarjetas:

- Para los solicitantes que no dispongan de plaza de garaje en propiedad en zona ORA: hasta un máximo de dos tarjetas.

- Para los solicitantes que dispongan de más vehículos que plazas de garaje en propiedad en zona ORA: una tarjeta.

La disponibilidad de plaza de garaje será en régimen de propiedad.

3.- Requisitos comunes para ambas zonas:

Las tarjetas se concederán para vehículos turismos, mixtos o asimilables, con una validez anual, sin posibilidad de reducción para períodos inferiores al año.

Para la obtención de la tarjeta deberá presentarse la correspondiente solicitud en el Registro General del ayuntamiento o en cualquiera de los lugares que establece el artículo 38.4 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, del Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común, de la correspondiente solicitud. Los servicios del ayuntamiento elaborarán un modelo de solicitud. Los trámites de este procedimiento se incluirán en la sed electrónica de modo que puedan realizarse a través de medios electrónicos.

La solicitud, debidamente cubierta, irá acompañada de:

- Fotocopia del permiso de circulación del vehículo que deberá estar domiciliado, en todo caso, en O Barco de Valdeorras.

- Declaración jurada de estar al día con la hacienda municipal.

- Declaración jurada del número de plazas de garaje de que dispone y del número de vehículos indicando su matrícula.

- Declaración jurada de estar empadronado en O Barco de Valdeorras.

Presentada la solicitud:

a) Los servicios municipales de estadística comprobarán que el solicitante está empadronado en el domicilio que se indica.

b) Los servicios municipales de recaudación comprobarán que el solicitante se encuentra al corriente de cualquier obligación de carácter económico con el ayuntamiento, incluyendo, en todo caso, el impuesto sobre los vehículos de tracción mecánica y las sanciones firmes de tránsito impuestas por el ayuntamiento.

c) Los servicios municipales de gestión tributaria informarán sobre la titularidad catastral de las plazas de garaje del solicitante y sobre la titularidad de vehículos, sin perjuicio de la comprobación de la disponibilidad de plazas y del número de vehículos por otros medios adicionales (policía local, etc.).

d) Una vez estimada la solicitud, se retirará la tarjeta en el departamento correspondiente del ayuntamiento, después de realizar el pago de la cantidad establecida en la correspondiente ordenanza fiscal reguladora de la tasa o, en su caso, en la tarifa de precios privados correspondiente.

e) La validez de la tarjeta se computará por año natural.

f) El estacionamiento del vehículo fuera de la zona ORA que corresponde a cada tarjeta, supondrá que el sujeto deberá obtener el correspondiente ticket horario de aparcamiento como cualquier otro sujeto.

g) La tarjeta correspondiente deberá llevarse en el parabrisas delantero y en un lugar visible.

Artículo 9º.

Para estacionar dentro de las zonas reguladas por el presente reglamento, deberá exhibirse en la parte interior del parabrisas del vehículo, de forma totalmente visible desde el exterior:

- O bien el ticket expedido por expendedor automático instalado al efecto en la zona donde se efectúe el estacionamiento, que servirá como comprobante horario.

- O bien la correspondiente tarjeta de residente, especial o de minusválido.

**Artículo 10º.**

En caso de aviso de denuncia por superar el tiempo de estacionamiento permitido, siempre que no sea mayor a tres horas, el usuario podrá anular la tramitación de la denuncia mediante la obtención en las mismas máquinas expendedoras, de un ticket especial en función del plazo de exceso (una, dos o hasta tres horas) en el que constará la hora de su expedición. Este ticket postpagado, junto con el primero y con el aviso de denuncia, serán introducidos en un pequeño sobre en la caja de correo situada en cada aparato expendedor.

**Artículo 11º.**

Aquellos vehículos que reciban aviso de denuncia, por estacionar en zona ORA sin ticket, siempre que no hubieran transcurrido más de dos horas desde la formulación del aviso de denuncia, podrán anular la tramitación de la denuncia mediante la obtención en las mismas máquinas expendedoras, de un ticket especial. Este ticket postpagado junto con el aviso de denuncia, serán introducidos en un pequeño sobre en la caja de correo situada en cada aparato expendedor.

**Artículo 11º.**

Se apreciarán como infracciones a esta ordenanza, durante el horario de funcionamiento del servicio, siendo consideradas como infracciones de estacionamiento de vehículos en lugar prohibido:

El estacionamiento efectuado por espacio de tiempo superior al señalado en el ticket.

b) El estacionamiento fuera del perímetro señalado en la calzada como zona de aparcamiento.

c) Permanecer estacionado más de 125 minutos consecutivos en una misma calle o plaza, durante las horas de actividad del servicio.

d) El estacionamiento efectuado sin ticket válido.

e) Utilizar una tarjeta de autorización de estacionamiento anulada o manipulada.

f) Utilizar un ticket horario de aparcamiento manipulado

g) Utilizar una tarjeta de autorización de estacionamiento en vehículo distinto al que aparece señalado en dicho documento.

Las infracciones descritas se denunciarán por los agentes de la autoridad. En caso de concesión del servicio, los vigilantes de la empresa concesionaria del servicio podrán formular denuncia voluntaria que anunciarán documentalmente en el parabrisas del vehículo y en la que se indicarán los datos de éste, así como la presunta infracción cometida

**Artículo 12º.**

La infracción por este estacionamiento prohibido será sancionada por la Alcaldía con multa de:

- 30 euros por las infracciones de los apartados a), b) y c).

- 48 euros por las infracciones del apartado d).

- 90 euros y retirada de la acreditación de autorización de estacionamiento en las infracciones de los apartados e), f) y g)

El pago de la multa efectuado dentro de los diez días siguientes a la notificación de la denuncia llevará consigo una reducción del 50 por 100 de su importe.

Sin perjuicio de lo expuesto, se denunciará por los agentes de la policía local las infracciones no previstas anteriormente que se cometan en zona ORA (o en cualquier otra vía de titularidad municipal), y que se recogen como tales en el Reglamento General de Circulación, en la Ordenanza Municipal Reguladora de la Circulación y demás normativa en vigor en materia de tráfico y seguridad vial.

**Artículo 13.**

Se procederá por el ayuntamiento a la retirada y traslado al depósito municipal de un vehículo cuando permanezca estacionado en lugares habilitados para el estacionamiento de resi-

dentos sin colocar el distintivo que lo autoriza, cuando, sin disponer de ticket habilitante, permanezca más de dos horas en el mismo lugar o, cuando disponiendo de ticket, supere el tiempo abonado en más de tres horas.

Además, y previa a la retirada del vehículo, será obligatoria la formulación de la oportuna denuncia por los agentes de la autoridad.

La retirada de vehículos prevista en este artículo tiene su fundamento en la necesidad de recuperar, por la autoridad municipal, la libre disponibilidad del espacio público indebidamente ocupado, y eso de conformidad con lo dispuesto en los artículos 70 y 71 del Real Decreto Legislativo 339/1990, de 2 de marzo, por el que se aprueba el Texto Articulado de la Ley sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor y Seguridad Vial y demás normativa vigente en materia de tráfico y seguridad viaria.

**Disposición final**

Única.- El presente reglamento entrará en vigor una vez que éste sea aprobado definitivamente y publicado su texto íntegro en el Boletín Oficial de la Provincia; transcurrido el plazo previsto en el artículo 65.2 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases de Régimen Local. Sin perjuicio de ello, su aplicación efectiva no se producirá en tanto el ayuntamiento, ya sea a través de gestión directa o indirecta, dotara los medios personales y materiales necesarios para su puesta en práctica.

Segunda.- En lo no previsto en este reglamento se estará en lo pertinente a lo dispuesto en la normativa sobre tráfico, circulación de vehículos a motor y seguridad vial, así como a las correspondientes ordenanzas municipales.

Tercera.- Las normas contenidas en este reglamento continuarán en vigor hasta su modificación, actualización, acomodación, o derogación expresa.

Cuarta.- Se autoriza a la Alcaldía a dictar cuantas instrucciones sean precisas para la correcta aplicación del presente reglamento.

O Barco de Valdeorras, 21 de mayo de 2013. El alcalde.

Fdo.: Alfredo L. García Rodríguez.

R. 2.053

**O Barco de Valdeorras**

Resolución de delegación da Alcaldía para oficiar matrimonio civil.

Logo de ver que por RE núm. 2970, don Eliseo Fariñas Fernández, co DNI 76717409-N e dona Eva Matilde Touris Ojeda, co DNI 76733865-T, solicitaron que a celebración do seu matrimonio se autorizase, por delegación, ante o concelleiro don Víctor Manuel Sierra Nieves, no uso das atribucións conferidas polo artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co Real decreto 2568/1986 (artigos 43 e 44) e o artigo 51.1º do vixente Código civil, resolvo:

1º.- Delegar no concelleiro don Víctor Manuel Sierra Nieves a competencia para oficiar o matrimonio civil entre don Eliseo Fariñas Fernández, co DNI 76717409-N e dona Eva Matilde Touris Ojeda, co DNI 76733865-T, que terá lugar no campo de fútbol de Vilanova, ás 13.00 horas do día 25 de maio de 2013.

2º.- Notifíquelles esta resolución aos interesados.

3º.- Publíquese anuncio de delegación no Boletín Oficial de Ourense, tal e como dispón o art. 13.3 da Lei 30/1992, e sen prexuízo do disposto no artigo 44.2 do Real decreto 2568/1986.

O Barco de Valdeorras, 23 de maio de 2013. O alcalde.

Asdo.: Alfredo L. García Rodríguez.